

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8.<sup>a</sup>, PESCA E MARISQUEO**

Día: 24.10.2017      Hora: 10:30

A Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de Portos de Galicia**

**Punto 2. Comparecencia**

- 2.1 5746 (10/CPC-000002)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do presidente do ente público Portos de Galicia, por petición propia, para informar sobre a planificación da actuación ante os danos nos portos provocados polos últimos temporais deste inverno  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*

**Punto 3. Preguntas orais en comisión**

- 3.1 13251 (10/POC-002330)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
Sobre a situación das escaleiras de madeira que discorren entre o porto de Sada e a rúa de Abaixo do núcleo de Fontán  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017*
- 3.2 17235 (10/POC-002945)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a estratexia desenvolvida pola Xunta de Galicia dende o ano 2012 para a recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa e os seus resultados na actualidade, as medidas adoptadas cara ao inicio da campaña 2017-2018 e as previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos colectivos de mariscadores pola súa mortalidade ou falta de capturas, a extracción e comercialización do reló, así como o mantemento dos prezos e o alcance dunha renda digna  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017*
- 3.3 17700 (10/POC-002987)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017*

- 3.4 17902 (10/POC-003007)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores  
Sobre a opinión da Consellería do Mar referida ás causas da perda de produtividade marisqueira na ría de Arousa e as medidas previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

## **Vogais**

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

**Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**

**Día: 24.10.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de Portos de Galicia

Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

Día: 24.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Comparecencia

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 24.10.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 5746(10/CPC-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do presidente do ente público Portos de Galicia, por petición propia, para informar sobre a planificación da actuación ante os danos nos portos provocados polos últimos temporais deste inverno



*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do presidente do ente público Portos de Galicia para informar sobre **“A planificación de actuación ante os danos nos portos provocados polos últimos temporais deste inverno”**.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Reunión da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo

Día: 24.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

3. Preguntas orais en comisión

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 24.10.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.1 13251(10/POC-002330)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a situación das escaleiras de madeira que discorren  
entre o porto de Sada e a rúa de Abaixo do núcleo de Fontán

*Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017*



## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**.

As escaleiras de madeira que discorren dende o Porto de Sada ata a rúa de abaixo do núcleo de Fontán, son utilizadas habitualmente por bastante xente. Ultimamente, atópanse nunhas condicións de abandono que supoñen un grave problema de seguridade para as persoas, e de feito son varios os accidentes ocorridos, o último fai apenas uns días, no que unha persoa rompeu dous dedos do pé dereito.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece o Goberno galego a situación na que se atopan as escaleiras de madeira que discorren dende o Porto de Sada ata a rúa de abaixo do núcleo de Fontán?
2. Cando pensa levar a cabo o Goberno galego as xestións necesarias para dotar de seguridade as escaleiras de madeira que discorren dende o Porto de Sada ata a rúa de abaixo do núcleo de Fontán?
3. Cal é o motivo polo cal dende Portos se rexeita calquera documentación que non se presente no rexistro de Portos de Galicia, xeral ou auxiliares, e que dificulta deste xeito a presentación de reclamacións á cidadanía?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2017

Asdo.: M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/07/2017 11:03**  
**Nº Rexistro: 13251**  
Data envío: 28/07/2017 11:03:52.327



---

 Grupo Parlamentario

---

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Dolores Toja Suárez na data 28/07/2017 10:57:59**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/07/2017 10:58:06**

**Julio Torrado Quintela na data 28/07/2017 10:58:11**

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 24.10.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.2 17235(10/POC-002945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a estratexia desenvolvida pola Xunta de Galicia dende o ano 2012 para a recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa e os seus resultados na actualidade, as medidas adoptadas cara ao inicio da campaña 2017-2018 e as previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos colectivos de mariscadores pola súa mortalidade ou falta de capturas, a extracción e comercialización do reló, así como o mantemento dos prezos e o alcance dunha renda digna

*Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/09/2017 18:29  
Nº Rexistro: 17235  
Data envío: 21/09/2017 18:29:21.898

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa e as medidas concretas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade ou falta de captura.

A escasos días do comezo da temporada do marisqueo na ría de Arousa encontrámonos con unha situación que se repite dende o ano 2012, en que se constatou a propagación da marteilia que provocou a mortalidade dos bancos de berberecho. Isto é: con que ningún dos problemas foi afrontado, co cabreo dos patróns maiores das diferentes confrarías que non encontran na consellaría do Mar un interlocutor válido as súas demandas e con unha realidade: que cando comece a campaña a problemática da mortalidade do berberecho seguen se encontrárselle unha solución, a recuperación de moluscos no banco dos Lombos do Ulla segue na mesma situación. E o resto dos bancos seguen a soportar un exceso de presión pola falla de moluscos abocando os mesmos ao seu esgotamento. O reló segue sen darselle unha solución axeitada a pesares de que foi o propio sector o que levou a cabo un estudo para demostrar que era viable a súa extracción e comercialización. Mentres a Consellaría tercamente segue negándose a adoptar ningunha medida das que demanda o sector.

Isto supón que o colectivo d@s mariscador@s de Arousa van pasar por un novo calvario sen que a administración aportara solucións, máis aló de intentar cargarlle ao



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/09/2017 18:29  
Nº Rexistro: 17235

Data envío: 21/09/2017 18:29:21.898

sector a responsabilidade de xestión dos bancos e instando con entregarlle os bancos de libre marisqueo e que sexan eles por si mesmos o que realicen a xestión dos mesmos.

A esta situación de auténtica angustia polos indicios de como están os principais bancos marisqueiros do Bohído e dos Lombos do Ulla aportados polas confrarías que apuntan que hai moita cría pero poucos bivalvos de tamaño regulamentario, mentres que no Cabío os dados son totalmente desoladores, contrasta coa parsimonia da consellaría do Mar a hora de ofrecer resultados na investigación das causas e na adopción de medidas para minorar as consecuencias e as posibles perdas ao sector extractivo.

De feito levan anunciado reiteradamente que o berberecho se ía recuperando de forma natural, pero ano tras ano o resultado é o mesmo. Hai moita cría pero cando alcanza un tamaño regulamentado acaba morrendo. Tampouco sabemos de ningunha medida para impedir que a marteilia chegue a outras rías e incluso se ten dado o caso de que os furtivos teñen levado os escasos ensaios.

Estes días tamén volve ser noticia o furtivismos, vendo como a estratexia de convertelo en delito penal acaba diluíndose sen que se aporte outras solucións máis que a colaboración ocasional do Servizo de Gardacostas con outros corpos de seguridade.

Neste contexto faise necesario establecer unha estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa con medidas concretas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade ou falta de capturas que debe incluír:

- Información constante da investigación da mortalidade do berberecho e resultados dende o ano 2012.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/09/2017 18:29  
Nº Rexistro: 17235  
Data envío: 21/09/2017 18:29:21.898

- Incluir as demandas do sector trasladadas nas diferentes mesas de diálogos cos patróns maiores de Arousa, de medidas concretas que permitan a recuperación dos bancos dos Lombos do Ulla, do Bohído ou do Cabío,
- - Garantir o acceso a semente das especies principais para garantir a repoboación do recurso. Limpeza de bancos, eliminación de depredadores e recuperación do substrato.
- Darlle dunha vez solución aos problemas de extracción do reló e remate dos problemas de contaminación.
- Información coa antelación suficiente das previsións da próxima campaña : días de actividade, quilos, especies, etc.
- Axudas ao sector en caso de mortalidade ou escaseza de marisco que implique perda de ingresos por encima do 35% para o conxunto d@s mariscador@s e non unicamente para os de a flote..

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Cal foi a estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa dende o ano 2012 e o resultado a día de hoxe? Recuperouse o banco de berberechos nos Lombos do Ulla? E o Bohído? E o Cabido?

2.- Que medidas adoptou a Xunta de cara ao inicio da campaña 2017/2018? Adoptáronse as medidas demandadas polos patróns maiores? Cal foi o resultado das





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/09/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 17235**  
Data envío: 21/09/2017 18:29:21.898

mesas de traballo cos patróns maiores? Que medidas se levaron a cabo de rexeneración dos bancos?

3.- Que previsión realiza a Consellaría e que medidas vai adoptar contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscador@s producida pola mortalidade ou falta de capturas?

4.- Que medidas vai adoptar a Consellaría có reló? Que medidas vai adoptar para manter os prezos e conseguir unha renda digna?

5.- Cal é o motivo de que non se publique coa antelación suficiente as previsións da próxima campaña: días de actividade, quilos, especies, etc?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/09/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 17235**  
Data envío: 21/09/2017 18:29:21.898

**María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2017 18:28:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2017 18:28:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/09/2017 18:28:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2017 18:28:55**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2017 18:28:58**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2017 18:28:59**

**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 24.10.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.3 17700(10/POC-002987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia

*Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/09/2017 11:33  
Nº Rexistro: 17700  
Data envío: 28/09/2017 11:33:26.009

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao novo Regulamento de Ordenación e Funcións do Servizo de Gardacostas.

O pasado día 28 de xullo, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba un proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, sendo remitido o mesmo ao Consello Consultivo de Galicia. Dita normativa está a conseguir o rexeitamento do colectivo deste persoal por conter postulados contrarios a Lei de Gardacostas. De entre estes sobresa a blindaxe dos cargos de libre designación, Subdirector, xefes/as do servizo e xefes/as das unidades operativas poderán ser persoal alleo ao Servizo de Gardacostas e pasarán a ser dotados das atribución propias dos funcionarios deste Servizo, isto é: axentes da autoridade con uniforme, placa, insignia e carné profesional, podendo exercer os labores de dito corpo sen ter ningunha das súas atribucións.

No apartado d@s xefes das unidades operativas, ademais de ser nomead@s a dedo, algo sobre o que xa se ten pronunciado reiteradamente os tribunais de xustiza con sentenzas que declaran ilegal a catalogación de ditos postos como LD, agora poderán realizar función d@s titulad@s náutico pesqueir@s (patróns/as e mecánic@s) sen que ocuparan estas prazas, sempre que teñan a titulación

correspondente, podendo realizar as funcións de dous postos de traballo e cortando as posibilidades de que estas prazas poidan ser ofertadas e ocupadas por outra persoa, precarizando as funcións do persoal do propio Servizo.

Tamén é de salientar a creación dunha nova escala operativa (C1) que non aporta unha regulación regrada de promoción interna clara, por mérito, capacidade e competencia. A imposición dun modelo xerarquizado, que pretende que @s axentes desenvolvan as súas actuacións baixo ordes ou mando directo e non co criterio xeral de actuación: *“cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores”*. A todo o anterior hai que sumar o feito de que na mesa de negociación non se tivo en conta as especiais condicións de traballo deste colectivo.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cales son as razóns para que @ Subdirector/a e @s tres xefes de servizo e @s xefes das unidades operativas sexan nomeados a dedo?

- Para cando van cumprir as sentenzas que lles obriga a que @s xefes das unidades operativas non sexan de libre designación?

- Imaxínanse a Arsenio Fernández de Mesa con tricornio e coas atribucións dun axente da garda civil?

- Como é posíbel que @s xefes/as operativ@s sexan nomead@s a dedo e que para dito posto non exista nin un só criterio de selección?

- Consideran razoábel que un/unha axente da escala básica sexa o XUO e que dirixa as unidades compostas por persoal da escala técnica, executiva, operativa e de axentes?

- Dentro das funcións do persoal de Gardacostas non sería razoábel salvagardar a súa independencia e que actuaran de acordo a lei?

- Se con carácter xeral se establece que actuarán “cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores” a que ven que na escala de vixilantes mariñeiros se estableza que actuarán baixo ordes ou mando directo ? Non teñen a condición de axente de autoridade todas as escalas coas mesmas atribucións? Ou hai escalas con galóns para mandar e a escala de axentes é para obedecer?

- Como se explica que se un/unha mecánic@ e un/unha patrón/a fixeron o mesmo exame de oposición e están na mesma escala (C1), agora se pretende que a patrón/a en mar e en terra mande sobre @ mecánic@?

- Como se explica que dende a creación do Servizo de Gardacostas un/unha patrón/a ou mecánic@ que aprobou a oposición coa titulación de patrón litoral e mecánic@ naval, segundo as diferentes regulación hoxe téñamos patróns/as na escala executiva, de aprobarse este decreto na escala operativa e @s de toda a vida na escala de axentes? E isto un modelo racional de promoción interna?

- Como se explica o feito de que un/unha mariñeir@ vixilante poida ir a náutica pesqueira e quitar titulacións de patrón/a ou mecánic@ pero que non teña posibilidades de realizar os días de mar para conseguir a titulación profesional e que



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/09/2017 11:33  
Nº Rexistro: 17700  
Data envío: 28/09/2017 11:33:26.009

determinad@s xefes/as das unidades operativas conseguiran facer os días de mar e hoxe teñen en vigor as súas credenciais profesionais?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:32:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:32:13**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:32:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:32:16**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/09/2017 11:33**  
**Nº Rexistro: 17700**  
Data envío: 28/09/2017 11:33:26.009

**Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:32:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:32:19**



**Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 24.10.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.4 17902(10/POC-003007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a opinión da Consellería do Mar referida ás causas da perda de produtividade marisqueira na ría de Arousa e as medidas previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela e M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo**.

O problema da falta de produtividade marisqueira na ría de Arousa, particularmente na zona dos Lombos do Ulla, aínda que tamén no Bohido e Cabío, ten sido obxecto de debate parlamentario nesta lexislatura, coa presentación de diversas iniciativas que pretenderon chamar a atención sobre este déficit de produtividade e as posibles medidas a levar a cabo. A pesar de que todas elas foron sistematicamente rexeitadas, ben polo Goberno galego nos debates de control ou ben polo Grupo Popular nas iniciativas de impulso, a realidade é que a produción desta ría cae progresivamente ano a ano e as persoas traballadoras do sector están especialmente preocupadas polo futuro do traballo. Os permisos de explotación teñen caído máis dun 40 % en Galicia dende o ano 2009, e a maioría destas perdas déronse respecto da ría de Arousa.

Recentemente, a Consellería do Mar notificou ás confrarías os resultados das investigacións realizadas que reafirman a perda de produtividade. Existen numerosas posibles explicacións, que afectan e inclúen a cuestións dende o furtivismo ata a ausencia de plans de rexeneración.

É preciso realizar tarefas proactivas sobre o nivel de produtividade, e a partir de aí poder desenvolver medidas concretas que poidan contribuír a mellorar o escenario.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que causas considera a Consellería de Mar que son explicativas da perda de produtividade marisqueira da ría de Arousa?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/09/2017 17:29  
**Nº Rexistro: 17902**  
Data envío: 29/09/2017 17:29:46.640



 Grupo Parlamentario

2. Que medidas ten prevista a Consellería de Mar sobre a perda de produtividade marisqueira da ría de Arousa?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
M<sup>a</sup> Dolores Toja Suárez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 29/09/2017 17:22:05**

**María Dolores Toja Suárez na data 29/09/2017 17:22:10**